

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 27/01/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SONIA OUTÓN CASAL

PAOLA MARIA MOCHALES

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 27/01/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20-ene-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/0104

Dáse conta de proposta do Servizo de Vías Públicas dando conta de que o edificio da casa da cultura de Rubiáns está sufrindo filtracións e humidades debido ó mal estado da súa cuberta. Para evitar que os danos no interior do edificio aumenten é urxente e necesario a súa reparación.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REFORMAS TREBOL, S.L. con CIF: B-94128675, por un importe total de 3.146,00 €, (IVE incluído), con cargo á partida 334.212, que comprende as seguintes obras:

- P.a. de desmontaxe de chapa cortaventos ó longo de toda a cuberta.
- P.a. de preparación de chapado ó longo de toda a cuberta elevado con tela de PVC.
- P.a. de subministro e aplicación de pintura entre as dúas cubertas con pintura acrílica de exteriores de primeira calidade.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0123

Dáse conta do escrito presentado por Confederación Intersindical Galega, solicitando autorización para colocación dunha mesa informativa da plataforma veciñal mina non, na Rúa Castelao, o día 18 de xaneiro de 2025, en horario de 11:00 a 14:00 horas.

Dase conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0141

Dáse conta do escrito presentado por Axencia Galega de Sange, Organos e Tecidos, solicitando autorización para colocación de unidade mobil de 15 metros diante do Instituto CIFP Fontecarmoa o día 23/01/2025, de 10:00 a 14:00 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0144

Dáse conta do escrito presentado por Gesenco Gestión en Comunidades SL, en representación da Comunidade de Propietarios CP Matosinhos 9, dando conta de que levan semanas sufrindo problemas coa vivenda Baixo B, dado que constatan a presenza e tránsito de persoas de indole sospechosa entrando e saíndo, o que crea unha situación de inseguridade entre os propietarios. Solicitan a adopción de medidas necesarias para evitar as actividades que se levan a cabo na citada vivenda.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que logo de varias comprobacións non se observa ningunha incidencia reseñable respecto á xente que entra e sae do edificio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o acordo á Policía Nacional aos efectos que consideren oportunos.

PRP2025/0147

Dáse conta do escrito presentado por SAMUEL FARIÑA CERVIÑO - 76929934V, no que solicita unha reserva de espazo para reserva de usuarios en Rúa Arcebispo Xelmirez nº 30.

Dáse conta de informe da Policía Local en relación a solicitude de data 27/11/2024, pola que se solicita unha reserva de espazo para estacionamento de usuarios, no que se indica que realizada unha inspección nas inmediacións do inmovible, pódese comprobar que existen dúas prazas reservadas para persoas con discapacidade, con carácter xeral.

Non sendo posible a concesión dunha reserva de uso privativo para uso exclusivo de clientes na vía pública tal e como se require na solicitude.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda non acceder ao solicitado de conformidade co indicado no informe da Policía Local.

PRP2025/0148

Dáse conta de escrito presentado por D. Oscar Rey Muñiz, como Presidente da Asociación de Veciños Fonte da Coca, solicitando o repintado dos pasos de peóns na Avda. As Carolinas, por motivos de seguridade. Así mesmo solicita a elevación do paso de peóns situado nas inmediacións de Alcampo (parte superior).

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que o pintado está moi deteriorado, así como a mellora de iluminación nos mesmos xa que se producen zonas de pouca iluminación que en ocasións coinciden cos pasos de peóns

En relación coa elevación do paso de peóns solicitado, acordase dirixirse ao Ministerio de Transportes, por ser o organismo titular do citado vial.

Dar conta ao servizo de Sinalización (Alvaro).

PRP2025/0149

Visto o informe da Policía Local no que se indica que debido ao acceso que se ven detectando de algúns vehículos á zona de acceso do parque infantil situado en Rúa 1 da Rosaleda consideran conveniente a sinalización horizontal en (zig-zag amarelo) na entrada do mesmo e sinalización

vertical de prohibición de vehículos a motor (R-102), coa lenda de "excepto autorizados ou servizos" na zona terreña que dá acceso ao parque, para evitar o estacionamento de vehículos nenas zonas de acceso.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a realizar a sinalización vertical e horizontal proposta pola Policía Local.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2025/0155

Dáse conta de escrito presentado por D. Juan José Costa Larrauri, solicitando unha reserva de dúas prazas de estacionamento para uso exclusivo dos clientes da farmacia situada en Avda. Carolinas nº 22-Baixo.

Dáse conta de Informe da Policía Local no que se indica que a Avda. As Carolinas está comprendida na estrada N-640-A, da que é titular o Ministerio de Transportes e Mobilidade polo que a Xunta de Goberno Local acorda remitir a solicitude presentada ao citado organismo aos efectos oportunos.

PRP2025/0157

Dáse conta do escrito presentado por D. Roberto Carlos Noya Señorans, no que solicita a modificación da sinalización recentemente instalada nos accesos á Rúa Bouciña Alta (sinal R-201) sendo de prohibición de acceso a vehículos con MMA superior a 3,5 t, e tamén solicitando se permita o acceso aos servizos esenciais.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que postos en contacto co Sr. Noya Señorans se lle informou que os servizos esenciais poden acceder sempre a esta rúa en caso de necesidade, informándolle ademais de que a sinalización instalada foi acordada pola Xunta de Goberno Local de data 6 de maio de 2024 a petición da AA.VV. do Piñeiro.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0198

Dáse conta de oficio do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Vilagarcía de Arousa en relación AJN Auxilio Xudicial Nacional 588/2024 solicitando conta bancaria para transferir as cantidades fixadas a favor do Concello en concepto deresponsabilidade civil polo que o acusado deberá aboar unha indemnización polos danos causados en marquesiña situada na Avda. Rodrigo de Mendoza, taxadas en 834,90 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se proceda á remisión do numero de conta ao Xulgado.

PRP2025/0205

Dáse conta de escrito presentado por D. Martín Paz Piñeiro coa data de 14 de xaneiro de 2025, solicitando a sinalización dunha zona de carga e descarga en Rúa San Roque, á altura do nº 20.

Acórdase comunicarlle que a Xunta de Goberno Local de data 19 de agosto de 2024, en contestación á súa petición realizada con data 30 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Dáse conta do escrito presentado por D. Martín Paz Piñeiro no que indica que existía unha reserva de carga e descarga na Rúa San Roque, á altura do nº 20 e que foi suprimida, polo que solicita se habilite outra zona nas inmediacións.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que efectivamente no lugar da zona de carga e descarga se atopan instalados colectores de lixo, considerando necesaria a sinalización dunha

zona de carga e descarga debido á existencia de diversos negocios e establecementos comerciais, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha nova zona de carga e descarga á altura aproximadamente do nº 12.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Sinalización - Alvaro).

PRP2025/0203

Dáse conta do escrito presentado por José Fajardo SL, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha Foodtruck o día 29 de xaneiro de 2025, en horrio de 17:00 a 20:00 horas con motivo da realización dun evento da Consellería do Mar para a Campaña de Promoción de Produtos do Mar e da Terra.

Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización para a súa instalación na Praza da II República, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/0188

Dáse conta da proposta da Concelleira de Servizos Socias para aprobar a continuidade do servizo de Fisioterapia:

O servizo de fisioterapia constitúe unha actuación complementaria ao Servizo de Axuda no Fogar, que na actual licitación do mesmo está incluída dentro das prestacións do SAF. Na actualidade a adxudicación do novo contrato de SAF está en trámite, polo que para xaneiro de 2025 non está asinado o novo contrato, se ben a continuidade no desenvolvemento destas actuacións garanten unha mellora na calidade das atencións recibidas das persoas que se atopan con limitacións na súa autonomía persoal ao amparo do SAAD. Considérase prioritario continuar co servizo de FISIOTERAPIA tendo en conta o perxuízo para as persoas usuarias e tendo en conta que unha vez sexa efectivo o novo contrato de SAF este servizo estará integrado no mesmo; polo que non será necesario acudir a ningún contrato menor, por estar incluído no contrato xeral do servizo de axuda no fogar, para o que xa se abreu o sobre da proposta técnica.

Esperamos que o SAF esté adxudicado a finais do mes de xaneiro de 2025, aínda que a súa posta en funcionamento efectivo coa nova empresa estaría aproximadamente no mes de marzo de 2025, pois é preciso realizar, entre outros, a subrogación do actual persoal da empresa de SAF.

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a continuidade do servizo de Fisioterapia nas seguintes condicións:

Proveedor: KATIA MARIA BONVEHÍ SAN MARTÍN - DNI: 35481841-V

Nº de sesións: 100 sesións (en domicilioe/ou clínica).Precio sesión domicilio: 40 euros; Precio sesión en clínica 30 euros (exento de iva)

Importe estimado: 4.000,00 euros

Duración/prazo execución: 3 meses

Partida de gasto: 231 22799

Proxecto plan concertado 2025.

PRP2025/0189

Dáse conta da proposta da Concelleira de Servizos Sociais para aprobar a continuidade do servizo de Podoloxía:

O servizo de podoloxía constitúe unha actuación complementaria ao Servizo de Axuda no Fogar, que na actual licitación do mesmo está incluída dentro das prestacións do SAF. Na actualidade a adxudicación do novo contrato de SAF está en trámite, polo que para xaneiro de 2025 non está asinado o novo contrato, se ben a continuidade no desenvolvemento destas actuacións garante unha mellora na calidade das atencións recibidas das persoas que se atopan con limitacións na súa autonomía persoal ao amparo do SAAD. Considérase prioritario continuar co servizo de PODOLOXÍA tendo en conta o perxuízo para as persoas usuarias e tendo en conta que unha vez sexa efectivo o novo contrato de SAF este servizo estará integrado no mesmo; polo que non será necesario acudir a ningún contrato menor, por estar incluído no contrato xeral do servizo de axuda no fogar, para o que xa se abriu o sobre da proposta técnica.

Esperamos que o SAF esté adxudicado a finais do mes de xaneiro de 2025, aínda que a súa posta en funcionamento efectivo coa nova empresa estaría aproximadamente no mes de marzo de 2025, pois é preciso realizar, entre outros, a subrogación do actual persoal da empresa de SAF.

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a continuidade do servizo de Podoloxía nas seguintes condicións:

Proveedor: PEDRO LAGO CASCALLAR NIF:35475182M

Nº de sesións: 120 sesións. Precio sesión 23 euros.

Importe estimado: 2.760,00 euros

Duración/prazo execución: 3 meses

Partida de gasto: 231 22799

Proxecto plan concertado 2025.

EMPREGO

PRP2025/0128

Dáse conta do Fallo do xurado do Concurso de decoración do Nadal Concello de Vilagarcía:

PRIMEIRO PREMIO. DIANA REY- TIJERAS DE DISEÑO 15 Puntos.

SEGUNDOS PREMIOS:

- LA TETERETA 14 Puntos

- IMAXE MODA 14 Puntos

TERCEIROS PREMIOS:

- CORREDURÍA DEL NOROESTE 13 Puntos

- VILLAGE BACKERY 12 Puntos

A dotación dos premios é a que se indica, con cargo ao exercicio 2025:

Primeiro premio: 595 €

Dous Segundos premios: 395 € c/u

Dous Terceiros premios: 200 € c/u

A entrega das cantidades outorgadas en concepto de premio, quedará condicionada á non existencia de débedas do participante co concello de Vilagarcía de Arousa, así coma coa Facenda Galega (ATRIGA) a do Estado (AEAT) e a Seguridade Social, e serán no seu caso obxecto da retención fiscal que proceda de acordo coas normas tributarias.

PROPONSE a entrega das cantidades outorgadas en concepto de premio aos establecementos galardoados, a cuxo efecto se aportan os seguintes datos fiscais:

1º. TIJERAS DE DISEÑO. DIANA REY FERNÁNDEZ, NIF 35465462Z: 595€

2º- LA TETERETA. LAURA RODRÍGUEZ REY, NIF 35.463.431 F: 395€

2º. IMAXE MODA. Mª CARMEN BUCETA CARRERA, NIF 35.464.233 G: 395€

3º. CORREDORES DEL NOROESTE, NIF B36542496: 200€

3º. VILLAGE BAKERY SC, NIF J94169000: 200€

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar o fallo do Xurado, e o recoñecemento de obriga a favor dos gañadores con cargo á partida 4311.48100.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/0166

Dáse conta de informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, no que se indica:

Primeiro.- Que logo das exitosas anteriores edicións do Festival Internacional de Música clasclás, a Dirección do Festival ten elaborado o Proxecto da VIII edición que terá lugar no mes de xuño 2025, concretamente entre o 14 e o 28.

Segundo.- A VIII edición do clasclás reflicte a consolidación do éxito obtido polo certame ao longo das anteriores edicións acadando xa os 5.000 asistentes e distribuindo a súa actividade en diversos programas diferenciados.

No ano 2021 o festival mudou o deseño das edicións iniciais cara a un Programa Artístico, como núcleo central, baseado en agrupacións xa formadas en orixe, con ampla traxectoria profesional mesturada con novos artistas en alza tanto a nivel solista coma en agrupacións de diferente composición. Para a VIII edición están previstos os seguintes programas:

- Programa Artístico, que constará de sete concertos a desenvolver entre o sábado 21 e o sábado 28 de xuño.
- Programa Pedagóxico e de Masterclasses, a desenvolver ao longo do terceiro trimestre do curso 2024-2025 para o alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía e sobre as diferentes propostas que realice o profesorado do centro.
- Programa Social e Comunitario, con dúas actividades concretas, unha delas na Residencia Divina Pastora de Vilagarcía e outra no Auditorio Municipal para máis de 400 persoas de capacidades diferentes pertencentes a vinte asociacións da comarca do Salnés.
- Programa clasclás a pé de rúa, no que o alumnado do Conservatorio e da Escola Municipal de Música saen a rúa e lugares históricos do municipio para tocar as primeiras notas de cada edición, a celebrar a mediados do mes de xuño 2025.
- Programa clasclás matinée, con concertos en horario matinal en lugares de especial interese histórico do municipio como a Igrexa de Vistalegre o Salón García ou o Pazo de Rubiáns.

- Programa clasclás Sinfónico, de nova creación na VIII edición pretende que diferentes Orquestras profesionais e amateurs de Galicia realicen varios concertos, algún deles ao longo do festival (orquestras amateurs) e outros no outono do ano 2025 (orquestras profesionais), desestacionalizando a actividade xeral do festival e dotando ao municipio dun paraugas que ampare as actividades de música clásica organizadas desde esta administración local.

Para esta VIII edición a dirección do festival propón ao Concello de Vilagarcía de Arousa o desenvolvemento do Proxecto que se achega a este documento e no que se indican os concertos a desenvolver dentro de cada programa.

Por outra banda, e en función das subvencións ou convenios que se podan obter para a financiación desta VIII edición, poderase engadir ou modificar algunha das propostas que figuran neste proxecto.

Terceiro.- Está previsto que ao longo do mes de febreiro ou principios do mes de marzo se proceda á presentación perante a Intervención Municipal do Orzamento de gastos e ingresos desta VIII edición co obxectivo da súa aprobación pola XGL.

Por todo o anteriormente a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Proxecto da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025 que terá lugar en Vilagarcía de Arousa entre o 14 e o 28 de xuño de 2025 e que figura como anexo ao informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, quedando pendente de presentar ao longo do mes de febreiro-marzo 2025 o Proxecto de orzamento da VIII edición, unha vez se concreten as diferentes liñas de financiación do mesmo.

PRP2025/0191

Desde a dirección do festival internacional de Música clasclás precisase contar coa axuda dunha persoa que, desde o antes posible e ata a finalización do evento, para que preste un apoio técnico permanente o equipo directivo do mesmo.

As características do servizo a contratar son as seguintes

- Tarefas de redacción, edición e corrección (Elaboración de textos para a web do festival, políptico, programas de man e outros documentos)
- Tarefas de Coordinación e preproducción artística (Control e desenvolvemento dos diferentes programas do festival, con especial atención ao programa artístico e matinée; preparación da documentación dos artistas; Producción dos concertos e actividades – coordinación de plans de traballo e produción, xestión de aloxamentos, transfers, comidas/cenas/caterings..etc...
- Tareas de produción durante o Festival (21 – 29 xuño 2025)

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación de Dña. Marta Barrecheguren Fernández, con NIF 36168961N polo importe de 3.872,00 € (3.200,00+ 672,00 € do 21 % do IVE) para a realización do servizo de coordinación artística e produción da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025, desde a data da súa aprobación pola XGL ata a finalización do evento e con cargo á partida 3261.22706.

MERCADOS

PRP2025/0199

Dáse conta do escrito presentado por Dona Raquel Albaladejo Bermejo solicitando a baixa dos postos nº 9-10, módulo 5, e mesado nº 4A, da zona lateral esquerda da Praza de Abastos, por

renuncia, a petición propia, coa data de 23 de outubro de 2024.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 23.1), d) do Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa da concesión dos postos nº 9-10, módulo 5, Zona E, así como o mesado nº 4A, Zona F da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, a todos os efectos, con data 31 de xaneiro de 2025.

PRP2025/0200

Dáse conta de escrito presentado por D. Angel González Almeida, solicitando o cambio de titularidade ao seu favor do posto nº 48 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Aouras, por falecemento do seu pai D.Rodrigo González Diz.

Dáse conta do informe do Xefe de Mercados, no que se indica que de conformidade co disposto no Artº 22.5 do Regulamento Municipal das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa, referente á transmisibilidade das concesións: no caso de falecemento, enfermidade grave ou que lle impida a continuación no desenvolvemento da actividade obxecto da concesión ou xubilación do/a titular, poderase solicitar o cambio de titularidade da concesión a favor das persoas cun grao de parentesco de primeiro grao de familiaridade ou afinidade, que poderán continuar coa explotación do posto ou espazo, nos termos previstos no artigo 20, que fai referencia á duración das concesións. O devandito cambio non terá custo para a continuidade da explotación do posto. Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o cambio de titularidade da concesión do posto nº 48 de D. Rodrigo González Diz ao seu fillo D. Angel González Almeida, polos motivos expostos, e nas condicións que determina o Regulamento Municipal das Prazas de Abastos.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2025/0177

Cada 23 de febreiro conmemórase o Día de Rosalía coincidindo coa data do seu nacemento. A Concellería de Cultura, a través do Servizo de Normalización Lingüística, propón a organización dun programa de dinamización dirixido a todas as idades por diversas parroquias de Vilagarcía, co obxectivo de contribuír á divulgación da figura e da obra do poeta máis universal das nosas letras. A actividade proposta, a cargo de Producións Dispersas, leva por título «Sempre Rosalía» e consiste nunha intervención teatral en torno á figura de Rosalía de Castro. Adaptable a calquera espazo e a todos os tipos de público, cada representación ten unha duración de vinte minutos. A actriz Ana Ponte, caracterizada como Rosalía, e o actor Diego Freire, interpretando un dos seus biógrafos, inician un diálogo aderezado con poemas de Rosalía e doutros poetas. A intervención presenta unha Rosalía alén dos estereotipos e reduccionismos que sempre a caracterizaron e foxe da imaxe falseada e edulcorada imposta durante anos, todo impregnado con doses de humor.

Para achegar a proposta á veciñanza de Vilagarcía, a representación terá lugar en distintos espazos culturais do Concello no mes de febreiro. A temporización definitiva (día e hora concretos en cada lugar) está pendente de ser coordinada con cada centro en función da súa programación. Están previstas 15 representacións.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o programa e o orzamento presentado por Diego Freire Fernández (Producións

Dispersas), por importe de 2.999,70 euros (IVE engadido), para o proxecto «Sempre Rosalía», con cargo á partida 334-22637, do orzamento de 2025.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/0054

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

A 29 de xaneiro de 2024 aprobou-se unha reserva económica de 4.000€ para a contratación de maquinaria pesada para a xestión das algas, argazos e fracción vexetal na parcela municipal do Pousadoiro así como para análises agronómicas e de metais pesados. Na mesma proposta analizou-se a proba piloto de dita proposta de xestión e autorizaron-se horas de formación para as diversas brigadas municipais e da concesionaria da recollida do lixo e limpeza viaria.

Durante 2024 realizou-se unha analítica na Estación Fitopatolóxica do Areeiro, dependente da DEPO, que non nós emitiu factura, saíndo o encargo de balde. A analítica ofrece como resultado unha escasa porcentaxe de materia orgánica debido a alta cantidade de areas que chegaban da limpeza de praias e un contido en Niquel e Cromo superior ao permitido no seu uso para agricultura. Estes metais pesados chegan ao material a través da maquinaria utilizada, neste caso pola grande trituradora usada en anos anteriores para xestionar a poda e broza acumulada no pousadoiro e probabelmente tamén da máquina de limpeza de praias.

Ese material da proba piloto analizado, debe ser usado para recuperación de terreos degradados como canteiras, minas, solos contaminados, vertedoiros, zonas que perdesen o solo orgánico por incendios, etc. No ano 2024 evitou-se levar o recollido na limpeza de praias que era case todo area e impropios plásticos, xestionando o recollido polas mariscadoras, de moita maior calidade, así como tamén evitamos utilizar o material vello acumulado na parcela, triturado en anos anteriores con esas grandes maquinarias.

No 2024 contrataron-se 16 horas de máquina retroescavadora a 60€/hora e 12 horas de pala mixta a 40€/hora, somando un total de 1440€ + IVE. Estas horas foron insuficientes para unha boa xestión que evitase a sobrecarga da parcela nos últimos meses do ano mais non se conseguiu que o contratista habitual fose nen tampouco substitución. A area destinada a acumular e triturar podas saturou-se tamén ante a dificultade para planificar o triturado recorrente con recursos propios ou o envío gratuíto deste material a planta de SOGAMA en Vilanova.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Renovar a reserva económica de 4.000€, con cargo á partida 1720-203, para a contratación de maquinaria no ano 2025 que garanta unha correcta xestión do tratamento das algas e fracción vexetal, incluíndo trituración de podas, así como a realización de análises de características agronómicas e metais pesados do material producido.
- 2.- Habilitar a formación e motivación das brigadas municipais no correcto uso do espazo, a xestión ecolóxica destes biorresiduos e correcta separación de impropios con unha primeira hora no mes de marzo e habilitando a posibilidade de mais sesións de reforzo.

PRP2025/0153

Con data do 18/12/2024 recibíronse 75 composteiros domésticos de 400l de capacidade cedidos por SOGAMA, logo da solicitude por parte do departamento de residuos do Concello.

O día 23/12/2024 o departamento de residuos recibe un correo electrónico do servizo de asistencia intermunicipal da Deputación de Pontevedra relativo a colaboración da dita administración no seguimento dos composteiros individuais instalados no Concello:

“A Deputación de Pontevedra ten asinado un contrato coa empresa SM, para facer o seguimento dos composteiros individuais da Provincia de Pontevedra. Estas dúas visitas anuais (como máximo), realizaranse aos composteiros entregados polos Concellos, previa autorización da Deputación.

Dende a Deputación de Pontevedra poderíamos realizar dúas visitas a estes composteiros, ou a composteiros de novas entregas, sen custe ningún para o Concello. Deben solicitarnos por escrito esta colaboración, e aceptarase segundo o presuposto dispoñible no momento da solicitude.

Os composteiros de novas entregas deben estar subidos á plataforma Revitaliza, cos datos correctamente cubertos, antes de iniciar as visitas.”

O período máximo deste servizo será ata novembro de 2025, data na que finaliza a prórroga da empresa contratada para este fin, e non implicará ningún custe engadido para o Concello.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aceptar a colaboración temporal por parte da Deputación de Pontevedra nos labores de seguimento dos composteiros domésticos instalados actualmente no municipio, así como os que se vaian a entregar proximamente, os cales deberán estar subidos á plataforma Revitaliza, cos datos correctamente cubertos, antes de iniciar as visitas.

PRP2025/0194

Dáse conta da publicación no DOG do día 30 de decembro de 2024 por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ORDE do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U).

O Punto Limpo necesita melloras para ampliar a capacidade de almacenamento e protexer determinados residuos da chuvia e outras condicións, de xeito que podamos potenciar a prevención e a preparación para a reutilización

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude da mencionada subvención axustando-se ao orzamento definido a continuación para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención.

ORZAMENTO SOLICITUDE AXUDA RESIDUOS 2025 (MT975U), LIÑA 1			
CONCEPTO	TOTAL CON IVE	AXUDA SOLICITADA	TOTAL CONCELLO 10%+IVE)
INSTALACION TEITO SILO	25.410,00 €	18.900,00 €	6.510,00 €
TAPADO APERTURA RAEE	10.890,00 €	8.100,00 €	2.790,00 €
PORTÓN ALMACÉN REUTILIZACIÓN	7.260,00 €	5.400,00 €	1.860,00 €
ANDEIS ALMACÉN REUTILIZACIÓN	1.210,00 €	900,00 €	310,00 €
CAMPAÑA INFORMATIVA	6.050,00 €	4.500,00 €	1.550,00 €
TOTAL PROXECTO	50.820,00 €	37.800,00 €	13.020,00 €

PRP2025/0196

Dáse conta da Resolución do 20 de xaneiro de 2025, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos que deberá aplicar a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama) para o ano 2025 fixando 108€/tm máis IVE e a contía do canon unitario reducido que se fixa en 95€/tm máis IVE.

Unha vez publicado no DOG o importe do canon reducido polo tratamento dos residuos domésticos que presta a Sociedade Galega do Medio Ambiente SA, a Xunta de Goberno Local SOLICITA a aplicación do devandito canon, e aos efectos oportunos:

DECLARA QUE:

Asume o copromiso de cumprimento dun dos requisitos seguintes vinculados ao fomento da recollida selectiva de residuos urbanos (prevención e redución do lixo convencional) ou ao fomento da reciclaxe de envases lixeiros e/ou biorresiduos:

- 1.- Diminuír a entrega de residuos correspondente á fracción resto nun mínimo dun 1,00% respecto dos entregados no ano inmediatamente anterior.
- 2.- Incrementar nun mínimo do 3,00 % respecto do exercicio inmediatamente anterior as toneladas procedentes da recollida selectiva de residuos de envases no contedor amarelo ou de biorresiduos de orixe doméstica no contedor marrón.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/0193

O IV Plan de Igualdade do Concello prevé nas súas áreas II e III a realización de actividades culturais que promovan a igualdade e a diversidade.

Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día da Muller, a Área de Igualdade - CIM realiza habitualmente unha proxección en colaboración co Cine - clube Ádega compatible cos obxectivos mencionados.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Cine Clube Ádega, para proxección pola celebración do 8 M, por importe de 500,00€ con cargo á partida 2312-22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2025/0110

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro de dúas cadeiras con brazos regulables para o Departamento de Cultura (Técnico en Xestión Cultural e Normalizadora Lingüística do Concello), por un importe total de 494,41 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0171

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para celebrar no Salón García, dentro do ciclo "Achégate ó Salón", unha serie de concertos, sendo o prezo das entradas de 12 € para adultos, 6 € para menores de 16 anos e desempregados, abono ciclo completo adultos 25 € e abono ciclo completo menores de 16 anos e desempregados 15 € realizando a venda de entradas a través da canle Ataquilla.com e sendo a recadación para o Concello, sendo tamén a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto que puidese corresponder por esta actuación. Será a cargo do Concello o pago de cantos impostos, arbitrios, taxas, cotizacións, dereitos de autor, dereitos de interpretación, etc. se orixinen ou devenguen como consecuencia da celebración dos concertos con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

- Acórdase aprobar o gasto correspondente aos cachés dos concertos programados na nova edición do ciclo "Achégate ao Salón 2025" por importe de 19.933,10 € IVE incluído con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:
- Aprobación orzamento de NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES SL, correspondente aos cachés dos seguintes Concertos:

DIA	CONCERTO	IMPORTE
16-02-2025	QUIQUE GONZALEZ&TONI BRUNET	11.693,00 €
23-03-2025	TULSA	4.852,10 €
TOTAL GASTO		16.545,10 €

